



NO CEIP LÓPEZ FERREIRO TAMÉN HAI ESCOLA PARA NAIS E PAIS

Enviado por [admin](#) [1] o Lun, 01/17/2022 - 10:18



PRIMEIRA ENAPA DO
CURSO NO LÓPEZ FERREIRO

*A tecnoloxía: uso
sano e consciente.*



Este curso comezamos a desenvolver diferentes actividades dirixidas ás familias que poden resultar de interese no camiño da formación do alumnado que acode ao noso centro educativo.

Así, o 14 de decembro, visitounos Juan Carlos Permuy, quen en colaboración coa ANPA, co CAFI, e co propio centro educativo, ofreceunos unha charla baixo o título: ***A tecnoloxía, uso sano e consciente.***

Durante cerca de dúas horas, este psicólogo e educador social, experto en trastornos aditivos, ofreceunos unha visión moi realista (el denominouna “contracultural”) de como afecta o uso da tecnoloxía na conformación cerebral das nenas e nenos e proporcionou diferentes estratexias para evitar que a tecnoloxía se poida converter nun problema aditivo.

Un magnífico inicio dun ciclo de ENAPAS que continuarán en trimestres posteriores, e que, ademais, se verán reforzados coas actividades de *Lectura e familias* e do *Club de lectura*, programas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que nos foron concedidos este curso.



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013